

Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social

Período de referencia: Marzo de 2025

Data de publicación: 2 de abril de 2025

ÍNDICE

Información xeral	2
Datos de afiliacións por provincias	3
Información segundo o réxime de afiliación	4
Evolución da afiliación	6
Notas metodolóxicas	6

1. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2025 acadou a cifra de 1.079.396 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de febreiro de 7.448 afiliacións (0,69 %). Para o conxunto estatal, a cifra de afiliacións sitúase en 21.357.646, rexistrando un aumento do 0,76 % con respecto ao pasado mes de febreiro.

Na comparativa interanual (marzo de 2025 con marzo de 2024) obsérvase un aumento de 17.801 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,68 %) e un aumento do 2,18 % (455.679 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2025, rexístrase un incremento das afiliacións en todas as comunidades autónomas, sendo Illes Balears (5,84 %) e Cantabria (1,05 %) as que experimentan o maior incremento.


En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias (3,42 %) e Madrid (2,89 %).

Cadro 1. Evolución das afiliacións por comunidade autónoma

CCAA	Afiliación media Marzo 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.467.822	26.459	0,77	68.505	2,02
Aragón	619.752	3.328	0,54	12.092	1,99
Asturias	385.571	2.389	0,62	5.886	1,55
Illes Balears	524.469	28.931	5,84	10.298	2,00
Canarias	937.245	3.150	0,34	30.991	3,42
Cantabria	232.340	2.418	1,05	5.033	2,21
Castilla y León	975.474	4.595	0,47	15.885	1,66
Castilla - La Mancha	777.734	1.615	0,21	14.089	1,84
Cataluña	3.806.813	30.196	0,80	75.732	2,03
Comunitat Valenciana	2.185.668	20.352	0,94	56.091	2,63
Extremadura	408.790	1.067	0,26	2.755	0,68
GALICIA	1.079.396	7.448	0,69	17.801	1,68
Madrid	3.766.822	16.064	0,43	105.902	2,89
Murcia	667.072	5.995	0,91	14.248	2,18
Navarra	311.006	1.664	0,54	5.192	1,70
País vasco	1.022.439	4.542	0,45	10.311	1,02
La Rioja	140.481	692	0,50	3.875	2,84
Ceuta	24.085	349	1,47	874	3,77
Melilla	24.667	239	0,98	117	0,48
ESPAÑA	21.357.646	161.492	0,76	455.679	2,18

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

Achega de cada comunidade autónoma na variación interanual da afiliación mensual (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2. Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,07 %, seguida de Ourense (1,84 %), Pontevedra (1,4 %) e Lugo (0,88 %).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,69 %. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do 0,78 %, seguida de Pontevedra (0,69 %), Lugo (0,53 %) e Ourense (0,51 %).

Cadro 2. Evolución das afiliacións á Seguridade Social. Galicia e provincias

	Afiliación media Marzo 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	472.063	3.658	0,78	9.584	2,07
Lugo	124.834	653	0,53	1.088	0,88
Ourense	106.749	544	0,51	1.933	1,84
Pontevedra	375.750	2.593	0,69	5.196	1,40
GALICIA	1.079.396	7.448	0,69	17.801	1,68
ESPAÑA	21.357.646	161.492	0,76	455.679	2,18

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones


3. Información segundo o réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,44 % das afiliacións galegas en marzo de 2025, aumentaron un 0,76 % con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento un 2,31 %. En España estas taxas foron do 0,83 % con respecto a febreiro de 2025 e do 2,4 % en relación ao mes de marzo de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,3 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-2,08 %), Ourense (-1,06 %) e A Coruña (-0,21 %) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,03 %) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,51 %. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2025 soben as afiliacións en todas as provincias: Pontevedra (0,3 %), Lugo (0,26 %), A Coruña (0,2 %) e Ourense (0,18 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do 0,24 %. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,08 % e unha subida intermensual do 0,36 %.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2024, todas as provincias presentan unha taxa de variación interanual negativa: Lugo (-5,95 %), Pontevedra (-3,34 %) e A Coruña (-0,68 %). A taxa galega acada entón o -2,8 %. Con respecto a febreiro de 2025, baixan as afiliacións en Lugo (-1,34 %), mentres que soben en A Coruña (6,27 %) e Pontevedra (2,21 %). A taxa galega é do 3,05 %. As taxas nacionais indican unha baixada interanual do 0,25 % e unha subida intermensual do 3,56 %.

Distribución das afiliacións galegas por réximes (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3. Afiliacións por réximes e provincias

Total

	Afiliación media Marzo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	472.063	0,78	2,07
Lugo	124.834	0,53	0,88
Ourense	106.749	0,51	1,84
Pontevedra	375.750	0,69	1,40
GALICIA	1.079.396	0,69	1,68
ESPAÑA	21.357.646	0,76	2,18

Réxime xeral

	Afiliación media Marzo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	383.380	0,84	2,62
Lugo	92.753	0,64	2,01
Ourense	84.582	0,60	2,63
Pontevedra	296.754	0,73	1,92
GALICIA	857.469	0,76	2,31
ESPAÑA	17.907.180	0,83	2,40

Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Marzo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	83.546	0,20	-0,21
Lugo	30.753	0,26	-2,08
Ourense	22.167	0,18	-1,06
Pontevedra	67.336	0,30	0,03
GALICIA	203.801	0,24	-0,51
ESPAÑA	3.389.248	0,36	1,08


Réxime especial do mar

	Afiliación media Marzo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	5.137	6,27	-0,68
Lugo	1.328	-1,34	-5,95
Ourense	0		
Pontevedra	11.660	2,21	-3,34
GALICIA	18.125	3,05	-2,80
ESPAÑA	60.336	3,56	-0,25

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4. Evolución da afiliación

Evolución das taxas de variación interanuais (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5. Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>